

USOS DO SE

I. PRONOME

1. **"Se" como reflexivo**

O pronome reflexivo ten o valor de complemento directo e non son posibles en galego construcións reflexivas nas que a acción se exerza unicamente sobre unha parte do suxeito (por exemplo son incorrectas formas como *laveime as mans, *queimeime un dedo*, *fixenme un traxe na costureira)
A rapaza peitéase; vestiuse devagar; o xastre fíxose un traxe para a festa (para el);o rapaz córtase o pelo (a si mesmo); traizoouse a si mesma.

2.

"Se" con valor recíproco

Similar ao reflexivo, agás que neste caso o que se intenta remarcar é que dous suxeitos realizan a acción entre eles ou dun cara ao outro. Por exemplo:

Pepe e María quérense moito; telefónanse todos os días;Escríbense cartas a miúdo; déronse un abrazo ;abrazáronse.

3. **"Se" con valor pronominal**

Un verbo pronominal é basicamente aquel que esixe sempre a presenza dun pronome reflexivo, de forma que non pode aparecer sen el. O pronome vén a ser un morferma intransitivizador ou un formante léxical:

Prohibido descalzarse na aula; vaise de viaxe; pórtase ben; a xanela abriuse co vento; queixábase de que lle doía o pé.

4. **"Se" impersoal activa**

Nas oracións impersoais, " se " é o elemento que remarca a impersonalidade. Non ten ningunha outra función, e o seu uso é doadamente distinguible xa que este tipo de oracións adoitan ser unimembres. Por exemplo:

Neste cidade vívese ben; valorouse aos concursantes; fálase de que subirán os impostos.

5. **"Se" en impersoal pasiva ou pasiva reflexa**

Poden confundirse coas anteriores, pero a maior diferenciación é que estas oracións son bimembres e contan con suxeito e predicado. O uso do " se " incrementa o significado pasivo do verbo. Por exemplo:

Aprobouse o decreto por ampla maioría; necesítanse empregados; véndese automóbil antigo.

II. CONXUNCIÓN

"Se" con valor de condicional

Inicia unha oración que expresa unha hipótese ou unha condición necesaria para que algo teña lugar:

Se non teño vacacións no verán, tereinas no Nadal

Se coidas o coche, durarache máis

Indica os valores de SE nas seguintes oracións:

1. Pablo e Manuel pegáronse
2. Queimouse
3. Atreveuse a facelo
4. Non se suicidou
5. Danse clases particulares
6. Se non podes vir ti non imos nós tampouco
7. Espreguizouse diante de todos
8. Agarda por min á saída; se non teño medo
9. Non sei se se foi ou ou non se foi
10. Nin se inmutou
11. Vanse facer moitas casas
12. Cortáronse vinte piñeiros
13. Pintouse demasiado e chamaba a atención
14. Xoán e Manuel mancáronse